



*Media
laranja*



Índice

Introdución	2
Contextualización e xustificación do proxecto	2
Obxectivos xerais e específicos	3
Persoas destinatarias e participantes	4
Accións, medidas e actuacións concretas	4
Necesidades, recursos e temporalización	7
Avaliación	7
Conclusión	8

1. Introducción

Dous dos principais elementos que caracterizan a un pobo son a lingua e os seus costumes, que xuntos configuran a súa cultura e a súa identidade. Por este motivo, planificar a dinamización do galego nunha das actividades máis tradicionais que se desenvolven dentro da súa comunidade, como é a gastronomía, é fundamental para alcanzarmos a normalización da nosa lingua en todos os ámbitos sociais. Precisamente desta idea, nace *Media Laranxa* coa finalidade de proporcionar ao grande público a través das redes sociais as bases para traballar na promoción e no desenvolvemento de estratexias que reforcen o galego non só no ámbito culinario, senón tamén cultural.

En definitiva, é para concluírmos estas verbas preliminares, o proxecto ten como propósito fundamental a creación dunha conciencia positiva acerca do uso do galego que permita a expansión dos seus usos. Por iso, non só se fornece ao público de receitas escritas en galego, senón que tamén se dan a coñecer o léxico da nosa lingua arredor da alimentación e da restauración dunha maneira doada e accesíbel a calquera persoa.

2. Contextualización e xustificación do proxecto

O proxecto foi creado por Noemí García Rodríguez coa finalidade de desenvolver un espazo dedicado á cociña en que primase a calidade lingüística para se converter nun referente dentro do eido gastronómico. No entanto, *Media Laranxa* vai máis alá e na actualidade é un punto de encontro entre as diversas falas do país, pois converteuse nun espazo de diálogo para pór en valor a gran diversidade léxica de cada zona.

Outro dos trazos salienábeis é a relación co público e a accesibilidade dos contidos. *Media Laranxa* conta con diversas redes sociais (Instagram, Facebook e Tiktok), unha páxina web que permite ter acceso a todos os contidos e unha canle de Youtube cuxos vídeos están subtítulados para facelos máis accesíbeis a todo o público. E, como se torna obvio deducirmos, o proxecto xira arredor destes piares:

- Dominio da lingua e eliminación de prexuizos cara ao galego.
- Normalización do galego en espazos dedicados á gastronomía.
- Receitas de cociña dispoñíbeis en galego.

Por último, cómpre destacarmos que *Media Laranxa* colabora con distintos centros educativos, como o IES Leiras Pulpeiro, na organización dun concurso de receitas que forma parte das actividades programadas desde o Equipo de Dinamización da Lingua Galega do centro (curso 2020-2021).

3. Obxectivos xerais e específicos

Este proxecto está estruturado arredor de catro obxectivos xerais dos que se extraerán posteriormente unha serie de obxectivos específicos que atinxen a cada unha das medidas propostas. Os obxectivos que aquí se presentan están relacionados cos usos, coas competencias e coas actitudes a respecto da lingua galega. A seguir, estes son os obxectivos xerais asignados para este proxecto:

1. Fomentar o uso do galego como lingua de comunicación e como símbolo cultural e de identidade de Galicia.
2. Mellorar a calidade da lingua galega no ámbito da alimentación e da cultura gastronómica.
3. Crear e recuperar novos espazos para o galego na nosa comunidade.
4. Dar visibilidade a produtos locais e apoiar o pequeno comercio que aposte pola lingua galega.

Obxectivos específicos para cada área

A continuación, preséntase unha concreción dos obxectivos xerais anteriormente citados para tratar de dirixir as intervencións.

1. Fomentar o uso do galego como lingua de comunicación e como símbolo cultural e de identidade de Galicia.
 - a. Sensibilizar a sociedade na importancia de empregar unha lingua de calidade para prestixiar a lingua e o patrimonio cultural e gastronómico.

- b. Incentivar a participación nas actividades orientadas á normalización do galego.
- 2. Mellorar a calidade da lingua galega no ámbito da alimentación e da cultura gastronómica.
 - a. Dar a coñecer a denominación correcta en galego de diferentes termos.
 - b. Converterse en modelo de referencia de calidade lingüística.
- 3. Crear e recuperar novos espazos para o galego na nosa comunidade.
 - a. Impulsar o uso do galego como lingua de comunicación en establecementos de hostalaría, restauración e comercios de alimentación
 - b. Procurar a colaboración con outras entidades, asociacións e institucións que promovan a cultura galega en todos os ámbitos posíbeis.
- 4. Dar visibilidade a produtos locais e apoiar o pequeno comercio que aposte pola lingua galega.
 - a. Publicitar novos proxectos comprometidos coa lingua e cultura do país.
 - b. Visibilizar produtos con denominación de orixe e as variedades autóctonas.

4. Persoas destinatarias e participantes

Media Laranxa está destinada principalmente a un público adulto que teña interese na gastronomía galega. Porén, é certo que ao longo do curso escolar se desenvolven actividades concretas destinadas a un público máis novo, como é o concurso de receitas do IES Leiras Pulpeiro.

5. Accións, medidas e actuacións concretas

Receitas

As receitas de cociña son a esencia do proxecto e, por iso, publícanse en diferentes formatos para que sexan accesíbeis a todas as persoas. Pódense consultar por

escrito a través da conta de Instagram¹, Facebook² ou do blog³. Alén diso, tamén hai receitas en vídeo substituídas na nosa lingua na canle de Youtube⁴, en TikTok⁵ e en Instagram.

Horta urbana

Despois da boa acollida que tiveron as videoreceitas, Media Laranxa ampliou o seu campo de traballo e creou unha serie de vídeos sobre xardinaría e os cuidados da horta a través dunha lista de reprodución de vídeos de YouTube⁶.

Horta urbana

Quen dixo que non se podía ter unha horta na cidade? Como nos gustan os retos, decidimos construír unha horta urbana na nosa terraza. Acompañádesnos nesta aventura?

A nosa andaina no mundo da horta comeza por crearmos un bancal na nosa terraza e plantar amordeiras para gozarmos de amorodos todo o verán. Calquera dúbida que vos xurda, deixádea nos comentarios e responderéivos o antes posíbel.



¹ Ligazón: https://www.instagram.com/media_laranxa/

² Ligazón: <https://www.facebook.com/MediaLaranxa>

³ Ligazón: <https://medialaranxa.fala.gal/>

⁴ Ligazón: <https://www.youtube.com/channel/UCRzNcF3OwXq5-aPnFo5cnLw>

⁵ Ligazón: https://www.tiktok.com/@media_laranxa

⁶ Ligazón: <https://youtube.com/playlist?list=PLVV5OwC6-pw1xBMJbiniXjBL9dH2Wt9Ne>

Dicionario

A nosa terra ten un léxico moi rico e variado e, por iso, en *Media Laranxa* quíxose pór en valor. A través dunhas imaxes ilustrativas, demoninadas *larandicas*, creouse un un dicionario⁷ visual que recolle a grande variedade de termos que temos na Galiza para nos referirmos a unha mesma cousa en función da zona onde esteamos. Alén diso, pretende ser un lugar de referencia para acharmos vocabulario especializado.

Peixes e mariscos



Concurso de receitas

Ao longo do 2021 celebráronse dous concursos⁸ de receitas como unha actividade dinamizadora. O primeiro estaba destiando a un público adulto e outro destinado ao alumando do IES Leiras Pulpeiro que formaba parte da programación do EDLG do centro.



⁷ Ligazón: <https://medialaranxa.fala.gal/dicionario-de-media-laranxa/>

⁸ Liagazón: <https://www.instagram.com/p/CNpRAR7qUZB/>

O xogo da semana

Trátase dunha actividade lúdica que se desenvolve os vernos a través das historias de Instagram. O xogo consiste nunha serie de preguntas sobre diversos contidos onde o público ten que marcar a opción correcta sobre como se escribe ou se pronuncia cada palabra en galego. É unha forma de aprendermos e mellorarmos o noso nivel de galego de forma entretida.



6. Necesidades, recursos e temporalización

Este proxecto iniciou a súa andaina o 22 de abril do 2020 e a súa actividade continúa até a actualidade. En canto ás necesidades, o que máis conta é o capital humano, isto é, o tempo e o esforzo que dedica a creadora do proxecto á hora de elaborar as larandicas, preparar receitas, gravación e montaxe dos vídeos etc.

7. Avaliación

Desde *Media Laranxa*, faise unha valoración moi positiva dos resultados que está a obter o proxecto, baseándose principalmente nos seguintes puntos:

- A acollida e a participación do público foi moi superior á esperada.
- O asesoramento lingüístico que ofrece a conta é de uso habitual.

- O interese mostrado por centros educativos, entidades a prol da lingua e medios de comunicación facéndose eco do proxecto dá unha mostra da boa acollida que tivo esta iniciativa na sociedade.

8. Conclusión

Estas son, *grosso modo*, as características xerais de Media Laranxa. Trátase dun espazo de interacción co público que pretende colocar o foco na calidade lingüística mais tamén ofrecerlle á sociedade galega receitas tradicionais e innovadoras na nosa lingua.